

Episodios da cultura científica

Na Coruña botou a andar a primeira institución creada en Galicia para o estudo dos océanos

O Sub-Comité herculino da “Société d’Oceanographie du Golfe de Gascogne” desenvolveu unha interesante actividade nos primeiros anos do século XX



Xosé A. Fraga
Director do
Album da Ciencia

O domingo 28 de xaneiro de 1906 tivo lugar no edificio do Consulado, na sala de xuntas do “Colegio pericial mercantil”, unha reunión da “Sociedad de Oceanografía del Golfo de Gascuña. Sub-Comité de la Coruña”. Semella que foi a constitución formal da entidade, se ben o grupo promotor xa iniciara o labor un ou dous anos antes, un traballo sobre o estudo das correntes mariñas entre os portos de Bordeos e Coruña. Cara ao propio 1906 os obxectivos establecidos polo Sub-Comité foron os de realizar sondaxes de lugares perigosos nas nosas costas, estudar as correntes mariñas entre A Coruña e Vigo e crear un acuario no que figuraran especies “raras”. Elixiuse unha primeira xunta directiva, constituída por Etienne Bertrand como presidente, Eduardo Vila Algorri vicepresidente, Henry Gilard secretario, Luis Mayor Moreno vicesecretario, Laurent Rea tesoureiro, Augusto Barreiro como “consejero delegado para el servicio meteorológico” e o conselleiro César Suárez de Centi. O 28 de outubro dese ano 1906 aprobáronse os estatutos, que foron redactados por Bertrand e Vila.

Para valorar a importancia desta iniciativa pioneira, e moi pouco coñecida, non está de máis reparar na situación da investigación mariña nos inicios do século XX. Cómpre lembrar que nese ano de 1906 Odón de Buen acadaría do Goberno español o permiso para fundar o Laboratorio de Biología mariña de Baleares, iniciando un proceso que lle levaría a fundar en 1914 o Instituto Español de Oceanografía (IEO). En Galicia houbo varios precedentes, en 1788, creouse na Coruña a “Empresa de Pesca de Galicia”, entre 1876 e 1886 funcionou en Ortigueira un Parque-Escuela de Ostricultura” e o profesor da Universidade de Santiago, Antonio Vila Nadal, fixera múltiples esforzos para fundar unha estación de Biología mariña en Carril. Mais ao inicio do século XX non existían institucións dedicadas ao estudo do mar; na segunda década, en setembro de 1917, estableceríase en Vigo un Laboratorio do IEO que pechou en 1920 e reabriu en 1935.

O impulso francés

O Sub-Comité xurdiu a raíz da residencia na cidade herculina do enxeñeiro francés Etienne Bertrand, que era vicepresidente da



Insignia do Sub-Comité (Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses)

“Société d’Oceanographie du Golfe de Gascogne”, institución creada en 1899 en Bordeos para favorecer o desenvolvemento da ciencia oceanográfica e das súas aplicacións ás industrias do mar. Bertrand, o seu delegado na Coruña, convenceu á entidade bordelesa de crear o Sub-

Comité. No proxecto contou con outros residentes galos, o armador Henry Gilard e o enxeñeiro de “artes y manufacturas” Laurent Rea, e con personalidades locais, membros da burguesía e profesionais interesados nos fins da entidade coruñesa,

favorecer estudos oceanográficos e colaborar cos proxectos da Société.

Entre os implicados figuraron o enxeñeiro Eduardo Vila Algorri, director de “Obras del Puerto” da Coruña e dun estaleiro da Graña, Luis Mayor Moreno, profesor da Escola de Comercio, Amador Fernández Diéguez, oficial de Facenda, Tomás Rico Jimeno, catedrático de Historia Natural do Instituto de ensino secundario, os armadores Gaspar Barreras e Enrique Guyatt, o enxeñeiro de Camiños, Emilio Pan, o director de Sanidade do porto de

A Coruña, César Suárez de Centi, o relevante fotógrafo José Sellier, introdutor do cinematógrafo en Galicia (que asinaría algunhas fotos como “photographe de la

Société”), os banqueiros José Marchesi, Luciano Marchesi e Ricardo Rodríguez Pastor, etc. Os “corresponsales” da entidade fóra da

Coruña eran: Raimundo Riestra en Pontevedra, Luis Suárez González en Porto e Nicasio Pérez Moreno en Ferrol. O número de socios chegou, en 1906, aos oitenta e un.

O interese polo mar nunha cidade cuxa historia esti-

vo sempre unida a el tivera múltiples expresións en diferentes momentos. Naqueles anos funcionaba na Coruña a Liga Marítima, pre-


sidida por José Marchesi Buhigas e na que tamén participaba Eduardo Vila. Unha institución nada a partir da creación da Liga Marítima española en 1900, iniciativa que pretendía conectar á sociedade co medio mariño.

O pavillón oceanográfico

Aprobados os estatutos, creáronse diversas comisións. A Real Orde de 16 de xaneiro de 1908 outorgou ao Sub-Comité o título de Real, aceptando Alfonso XIII a presidencia de honra do mesmo. No Consello directivo de 16 de novembro de 1909 Bertrand comunicou que deixaba de residir na Coruña e pasou a ocupar a presidencia Eduardo Vila e a vicepresidencia Javier Ozores Pedrosa (alcalde da cidade entre 1909 e 1914). Este feito e a propia actividade da institución marcaron un proceso de progresiva autonomía do Sub-Comité con respecto a Société.

Desde xullo de 1909 iniciouse a construción dun edificio para a entidade na zona do porto coruñés, nun terreo cedido polo Ministerio de Fomento. O 21 de decembro dese ano un temporal botouno abaixo antes de rematar. Para as obras de reconstrución contaron coa axuda de “Obras del Puerto”, que contribuíu con 5.000 pesetas. O edificio, chamado “Pabellón oceanográfico”, foi inaugurado o 16 de xaneiro de 1911.

Pasa á páxina seguinte>>



Fotografía do pavillón oceanográfico do Sub-Comité no porto coruñés.